No *Dictionnaire de linguistique et des sciences du langage*, J. Dubois *et al.* presentan a fixación como «un proceso polo cal un grupo de palabras cuxos elementos son libres convértese nunha expresión cuxos elementos son indisolubles. A fixación caracterízase pola perda do significado propio dos elementos que compoñen o grupo de palabras, que aparece entón como unha nova unidade léxica, autónoma e cun significado completo, independente dos seus compoñentes»² (1994: 202). O carácter fixo dunha frase maniféstase na imposibilidade de obedecer as transformacións morfosintácticas

² Cita orixinal: «un processus par lequel un groupe de mots dont les éléments sont libres devient une expression dont les éléments sont indissociables. Le figement se caractérise par la perte du sens propre des éléments constituant le groupe de mots, qui apparaît alors comme une nouvelle unité lexicale, autonome et à sens complet, indépendant de ses composantes».

e semánticas das que goza unha frase libre. Dise que unha frase é fixa cando contén significantes divisibles correspondentes a un significado indescompoñible. A diferenza das unidades monolexicais, que abranguen unha dimensión referencial que adoita ser previsible, aínda que só sexa sobre a base do contexto, as unidades polilexicais (tamén chamadas "expresións fixas") «constrúense sobre a base do desdoblamento semántico»³ (Mejri, 2011: 30). Este desdoblamento introduce unha serie dicotómica que corresponde a: sentido literal vs. sentido xenérico, sentido composicional vs. non composicional, sentido analítico vs. sentido opaco, sentido propio vs. sentido figurado.

Así, o significado da construción tecnolectal *حق الشهر* / *ħeq f-šher* / (lit. “le droit du mois” [o dereito do mes], é dicir, “la menstruation” [a menstruación]) non é a suma dos seus compoñentes [o substantivo indeterminado «ħeq» (حق) / (droit [dereito]) e o substantivo determinado «f-šher» (الشهر) / (le mois [o mes])]: cada unidade tecnolectal que compón esta expresión posúe autonomía léxica —como así se amosa nos múltiples contextos nos que estas figuran [*الشهر راص* / (lit. “la tête du mois” [a cabeza do mes], é dicir, “la fin du mois” [a fin do mes]); *حق الطالب* / (le droit de l’étudiant [o dereito do estudante])]— pero a súa asociación acusa unha entidade lingüística monolítica que non se presta a unha lectura non composicional. Esta combinación resulta desalentadora para as persoas inexpertas en fraseoloxía e amósase opaca para quen non coñecen o significado do conxunto. Os médicos internos fican sen palabras ante esta expresión, pois non son conscientes da selección semántica que se fai neste caso. Tamén hai que sinalar que esta expresión segue un patrón formal e distributivo invariable: non podemos dicir, por exemplo, / *الشهر حقوق* * (lit. “droits du mois” [dereitos do mes]) do mesmo xeito que sería absurdo enunciar / *حق الشهور* * (lit. “droit des mois” [dereito dos meses]).

Entre as nocións relacionadas coas expresións fixas, destacamos a de «colocación». Podemos definila como unha asociación habitual entre elementos léxicos, que forman unha veciñanza estreita, pero cuxo significado non é necesariamente opaco, é dicir, pode ser composicional e deducirse a partir dos seus constituíntes. Aínda que a fixación sintáctica das expresións idiomáticas é importante, os elementos que compoñen unha colocación poden separarse sen que iso afecte á matriz morfosintáctica do sintagma. Noutras palabras, a colocación é unha co-ocorrenza léxica entre elementos que manteñen unha relación sintáctica: existe afinidade entre o substantivo francés «jour» e o seu epíteto «férié» na co-ocorrenza *jour férié* [día festivo], do mesmo xeito que é comunmente aceptado que este mesmo substantivo adoita aparecer a miúdo como complemento directo na colocación francesa *voir le jour* [ver o día]. O devandito para a construción *jour férié* é válido para a colocación en árabe marroquí tomada do noso corpus *دمو جاري* / *demm-ou jāri* / (lit. “son sang est fluide” [o seu sangue é fluído]), formada a partir da base *دمو* / (“son sang” [o seu sangue]) e o epíteto colocativo *جاري* / (“fluide” [fluído]), que admite unha interpretación literal e acepta varias modificacións morfosintácticas. Non é o caso da asociación *دموحامي* / *demmu hāo meu* / (lit. “son sang est chauffé” [o seu sangue está quente]) que alegoricamente significa “está irascible”.

³ Cita orixinal: «sont construites sur la base d’un dédoublement sémantique».

Á luz destes datos, podemos afirmar facilmente que as colocacións ocupan unha posición intermedia entre a frase libre e a frase locutiva fixa⁴. Con todo, varios/as especialistas non deixaron de sinalar a existencia de colocacións cun sistema de combinación relacionado coas expresións fixas. Este tipo de colocacións denomínanse, tras unha categorización rigorosa das distintas co-ocurrencias, colocacións opacas⁵ en oposición ás colocacións transparentes. Estas excepcións, á vez “escandalosas” e notables, permitíronnos argumentar que a fronteira que separa as EF das colocacións non é estanca; todo é cuestión do grao de fixación. Isto significa, sinxelamente, que a figuración ten un carácter gradual; é un continuo no que se despregan varias categorías matizadas: expresións fixas, expresións semifixas, expresións case-fixas, o fenómeno colocacional cos seus múltiples graos de transparencia.

O intento de clasificar as unidades fraseolóxicas en expresións e locucións abandonouse por falta de argumentos coherentes e dun obxectivo operativo que o apoie. Tanto se falamos de EF como de locucións ou colocacións, referímonos sempre a un proceso de enunciación rexido por unha serie de criterios que se expoñerán a continuación.

3. Metodoloxía

Os datos do noso corpus obtivéronse mediante observacións nun hospital marroquí. A consulta ou a visita médica foron os mellores momentos para rexistrar os intercambios entre médicos/as e pacientes. Só se transcriben as pasaxes que ilustran o noso punto de vista descritivo e explicativo. Concíbense desde unha perspectiva interlocutiva, o que significa que a análise dos enunciados recolleitos segue sendo consciente da recepción. Dita incursión no campo do proceso inferencial está dotada de conversacións e entrevistas realizadas en situación metalingüística (peticións de aclaración, engadidos e verbalización de inferencias ou declaracións de intencións). O obxectivo do noso artigo é dobre: describir a materialidade significativa máis representativa do discurso dos pacientes e identificar os escollos reais ou potenciais en virtude dos cales a expresión fixa resulta ser o xermolo responsable de malentendidos e malas interpretacións na comunicación médico/a-paciente.

A nosa presenza sobre o terreo como “profesional-investigador” (De Lavergne, 2007) foi acompañada dunha declaración da nosa intención de enquisar a profesionais que, mediante o seu consentimento informado, libre e continuo, fixeron posible a enquisa. Algúns/unhas deles/as, a quen non dubidamos en cualificar de socios/as, tamén actuaron como axentes mediadores, remitíndonos aos/ás seus/súas compañeiros/as ou facilitando o noso contacto con eles/as. Con todo, a nosa posición con respecto á maioría dos/as pacientes segue estando cuberta. En primeiro lugar, porque as condicións materiais da enquisa facían impracticable pedir-lles que aceptasen participar nela e, en segundo lugar, porque consideramos que este tipo de petición faría que as producións que recollemos perdesen toda espontaneidade. De

⁴ Esta idea débémolla a Bally quen fala das colocacións de «séries phraséologiques» [series fraseolóxicas], baixo a súa pluma lemos «entre les extrêmes (groupement passager et unités indécomposables) se placent des groupes intermédiaires appelés séries phraséologiques» (1909, p. 66), despois engade: «il y a série ou groupement usuel lorsque les éléments du groupe conservent leur autonomie, tout en laissant voir une affinité évidente qui les rapproche de sorte que l'ensemble présente des contours arrêtés et donne l'impression du "déjà vu"» (p. 70).

⁵ Como é o caso do francés *dresser un bilan*.

acordo coas expectativas reais ou supostas dos/as informantes, a investigación *in situ* levouse a cabo con total anonimato. Así conseguimos constituír unha mostra de 650 pacientes e 11 profesionais que nos permitiron recompilar 45 horas de material de audio.

4. Análise do corpus

4.1. Criterios morfosintácticos e semánticos da fixación do tecnolecto dos pacientes

O obxectivo desta análise non é, nin moito menos, clasificar as expresións do corpus en función do grao de fixación. No seu lugar, optamos por un estudo de todos os usos que reflicten o fenómeno da fixación á luz dos criterios morfosintácticos reivindicados por un gran número de especialistas na materia. O obxectivo é demostrar o seu carácter fixo e explicar as razóns das diverxencias que separan aos participantes no diálogo. Os parámetros adoptados na seguinte presentación son unha síntese dos trazos recorrentes dos traballos sobre o problema da fixación lingüística (Gross, 1996; Schapira, 1999; Hudson, 1998), e baséanse brevemente nos seguintes principios:

- A non-substitución paradigmática
- A non-modificación morfosintáctica
- A non-composicionalidade semántica

Para facilitar a análise, elaboraremos unha táboa cunha representación ordenada das secuencias de palabras fixas (extraídas do noso corpus) segundo a súa estrutura gramatical:

Os patróns sintácticos	As secuencias fixas
N det+prep (ذ) / (de) + N det	<p>a) الريشة د لكتف / r-riʃa d l-ktef / (lit. <i>La plume de l'épaule</i> [a pluma do ombreiro], é dicir, <i>L'omoplate</i> [a omoplata])</p> <p>b) د الرّاصن الشبكة / ʃ-ʃebka d r-raS / (lit. <i>Filet de la tête</i> [filete da cabeza], é dicir, l'E.E.G)⁶</p> <p>c) لحم دسنان / l-hem d s-snan / (lit. <i>La viande des dents</i> [a carne dos dentes], é dicir, <i>Les gencives</i> [as enxivas])</p> <p>d) الضرسة د لعقل / D-DerSa d l-cqel / (lit. <i>Molaire de la maturité</i> [molar da madurez], é dicir, <i>La dent de sagesse</i> [moa do xuízo])</p> <p>e) لمومود لعين / l-mummu d l-cin / (lit. <i>Le poupon de l'œil</i> [o boneco do ollo], é dicir, <i>La pupille</i> [pupila])</p> <p>f) د الرّاصن لعشقيشة / l-qʃiqʃa d r-raS / (<i>le vertex</i>)⁷</p> <p>g) الشوكة د صضا / ʃ-ʃuka d S-SDa / (lit. <i>La seringue de la rouille</i> [a xiringa do óxido], é dicir, <i>le sérum anti-tétanique</i> [o soro antitetánico])</p> <p>h) الطبيب د الرّاص / Tbib d r-raS / (lit. <i>Le médecin de la tête</i> [o médico da cabeza], é dicir, <i>Le neurologue</i> [o neurólogo])</p>

⁶ Electroencefalograma: exame que permite medir a actividade eléctrica cerebral.

⁷ O vértice é a parte superior do cráneo, tamén coñecido en francés como «vertex» ou «la calotte».

	<p>I) الطيب د لحومة / Tbib d l-huma / (lit. <i>L'hôpital du quartier</i> [o hospital do barrio], é dicir, <i>Le centre de santé</i> [o centro de saúde])</p> <p>j) الجذارة د لودن / j-jeddara d l-wden / (lit. <i>La 'racine' de l'oreille</i> [a raíz do oído], é dicir, <i>La région parotidienne</i> [glándulas parótidas])</p> <p>k) التَّخْطِيط د لَقَلْب / t-texTeT d l-qelb / (lit. <i>Le tracé du cœur</i> [a traza do corazón], é dicir, <i>l'électrocardiogramme</i> [electrocardiograma])</p>
N indet + N det	<p>a) مسمار الكيف / mesmar l-kif/ (lit. <i>Le clou du cannabis</i> [o prego da cannabis], é dicir, <i>Le calus</i> [o calo]).</p> <p>b) حَق الشَّهْر / heq f-šher/ (lit. <i>Le droit du mois</i> [o dereito do mes], é dicir, <i>La menstruation</i> [a menstruación]).</p> <p>c) حَبُّ الشَّبَاب / heb f-šbab/ (lit. <i>Les boutons de la jeunesse</i> [os botóns da xuventude], é dicir, <i>L'acné</i> [a acne]).</p> <p>d) حَرِيْق البُول / hriq l-bul/ (lit. <i>La douleur des urines</i> [a dor das urinas], é dicir, <i>Les brûlures mictionnelles</i> [o ardor da micción]).</p> <p>e) سَبِيْق البُول / sbiq l-bul/ (lit. <i>L'avance des urines</i> [o avance das urinas], é dicir, <i>L'incontinence urinaire</i> [a incontinencia urinaria]).</p> <p>f) وَسَخ السَّدْر / wsex s-sder/ (lit. <i>La saleté de la poitrine</i> [a sucidade do peito], é dicir, <i>La tuberculose</i> [a tuberculose]).</p> <p>g) عَضَم الطَّيْبُو / cDem T-Tiw/ (<i>le coccyx</i> [o cóccix]).</p> <p>h) عَرَق النِّسَا / cerq n-nsa/ (lit. <i>La veine des femmes</i> [a vea das mulleres], é dicir, <i>Les douleurs sciatiques</i> [as dores ciáticas]).</p>
N det + ADJ det	<p>a) الخَائِب المرض / l-merD l-xayeb/ (lit. <i>La mauvaise maladie</i> [a mala enfermidade], é dicir, <i>Le cancer</i> [o cancro]).</p> <p>b) المصْرَانَة الزَّايْدَة / l-maSrana z-zayda/ (lit. <i>L'intestin en surplus</i> [o intestino en exceso], é dicir, <i>L'appendice</i> [o apéndice]).</p> <p>c) الكَرْش الكَبِيْرَة / l-kerf l-kbira/ (lit. <i>Le grand ventre</i> [o gran ventre], é dicir, <i>Les organes contenus dans la cavité abdominale</i> [o órganos da cavidade abdominal]).</p> <p>d) الصَّغِيْر الكَرْش / l-kerf S-Sgira/ (lit. <i>Le petit ventre</i> [o ventre pequeno], é dicir, <i>les organes que comporte l'appareil génital féminin</i> [o órganos que forman o aparello xenital feminino]).</p> <p>e) الشَّهَادَة كَبِيْرَة / f-fahada l-kbira/ (lit. <i>Le grand certificat</i> [o gran certificado], é dicir, <i>Le certificat médico-légal</i> [o certificado forense]).</p> <p>f) الرَّادِيُو كَبِيْر / r-radyu l-kbir/ (lit. <i>La grande radio</i> [a gran radio], é dicir, <i>Le scanner</i> [o escáner]).</p> <p>g) النَّار الفَارْسِيْيَة / n-nar l-farsiyya/ (<i>le zona</i> [a zona])</p> <p>h) العَمَى الازْرَق / l-cma l-zreq/ (lit. <i>La cécité bleue</i> [a cegueira azul], é dicir, <i>Le glaucome</i> [o glaucoma]).</p>
Verbo + PPC + N (suxeito) + pronome persoal afixo	<p>a) شَدُوهُ عَضَامُو / fedd-u-h cDam-u/ (lit. <i>Ses os l'ont saisi</i> [os seus ósos agarrárono], é dicir, <i>Il a eu une crise d'épilepsie</i> [tivo un ataque de epilepsia]).</p> <p>b) كَيِّيَّاكَلُوْنِي عَيْنِي / ki yyakl-u-ni cin-i/ (lit. <i>Mes yeux me mangent</i> [os meus ollos cómenme], é dicir, <i>Mes yeux me démangent</i> [os meus ollos picanme]).</p> <p>c) مُنْبِرْزُطَانِي رَجَلِي / mberzTa-ni rej-l-i/ (lit. <i>Mon pied me dérange</i> [o meu pé incomódame], é dicir, <i>J'ai des douleurs aux pieds</i> [teño dor nos pés]).</p>

Substantivo + pronome persoal afixo + Adj	a) اَلْحَمِي مَشْوَكَةٌ / lehm-i mfewka/ (lit. <i>ma viande est hérissée</i> [a miña carne está encrechada], é dicir, <i>Une sorte de fourmillements</i> [unha especie de proído]). ⁸ b) رَجْلِي مَحْسِين / rej1-i mhef-1in/ (lit. <i>Mes pieds sont fauchés</i> [os meus pés están cortados], é dicir, <i>Je n'arrive pas à me tenir debout</i> [non consigo manterme en pé]).
Verbo + PPS + complemento	a) ⁹ الكَرْش طَبِحَات / teyh-at l-kerf/ (lit. <i>Elle a fait tomber le ventre</i> [ela fixo caer a barriga], é dicir, <i>Elle a subi un curetage</i> [foi sometida a un curetaxe]).
N indet + PP + adxectivo + a preposición (عَلَى)/ (sur) + PP (أَي)/ (moi)	a) عَلِيًّا مَهْرُوسَةٌ صَحْتِي / Seh-ti mhersa cli-yya/ (lit. <i>Ma santé est cassée sur moi</i> [a miña saúde está rota sobre min], é dicir, <i>Je suis fatigué</i> [estou cansa]). b) عَلِيًّا طَائِحِينَ يَدِي / yeddi-i Tayhin cli-yya/ (lit. <i>Mes mains tombent sur moi</i> [as miñas mans caen sobre min], é dicir, <i>Je n'arrive pas à faire bouger mes mains</i> [non consigo mover as miñas mans]). c) عَلِيًّا ثَقِيلَةً صَحْتِي / Seht-i tqila cli-yya/ (lit. <i>Ma santé est lourde sur moi</i> [a miña saúde pesa sobre min], é dicir, <i>Mon corps est lourd</i> [o meu corpo está pesado]). b) عَلِيًّا كَرْشِي طَائِحَةً / kerf-i tayha cli-yya/ (lit. <i>Mon ventre tombe sur moi</i> [o meu ventre cae sobre min], é dicir, <i>J'ai une diarrhée</i> [teño diarrea])

A non-substitución paradigmática

Unha das características das secuencias polilexicais recollidas é a prohibición de calquera modificación ou substitución dos elementos que as compoñen. Noutras palabras, o inicio da fixación prescribe a imposibilidade de cambiar os elementos que forman unha construción tecnolectal fixa, mesmo con palabras que teñen un significado moi similar e funcións gramaticais idénticas. Neste sentido, G. Gross fala de «bloqueo paradigmático sinonímico», que foi descrito por Hudson como «restricións colocacionais inesperadas» (1998: 8), mentres que Schapira refírese a «a imposibilidade de substituír unha ou outra das palabras» (1999: 9). É debido a que (as EF) están «estilisticamente máis estandarizadas» (Mejri, 2011: 2) que as frases libres que se prohiben as substitucións que adoitan ser posibles con estas últimas¹⁰. O árabe marroquí non é alleo a este tipo de expresións fixas, que se atopan en varias linguas¹¹ como demostran as expresións seguintes:

⁸ Segundo os e as pacientes.

⁹ É un acto voluntario, isto é, conseguido tras a obtención dun consentimento explícito da muller embarazada, mentres que *خَمْرَات* /xaSSrat/ é dicir, *Elle a eu une fausse couche* (onde o verbo aquí é portador da desinencia do verbo francés *accompli*, na terceira persoa do singular feminino, participio dunha EF) é unha consecuencia involuntaria.

¹⁰ N. da T.: os orixinais en francés por orde de aparición son «blocage des paradigmes synonymiques»; «des restrictions collocationnelles inattendues» e «stylistiquement plus normées».

¹¹ Nós pensamos que «poisson d'avril» [peixe de abril, é dicir, día dos Santos Inocentes] é gramaticalmente correcto, semanticamente homoxéneo, mentres que «*crevette d'avril» [camarón de abril] ou «*poisson de mars» [peixe de marzo] confundirían ao/á seu/súa interlocutora..

- * لعين لُوْلِيْدٍ /l-wliyyed d l-cin/ (**le petit enfant de l'œil* [o neno pequeno do ollo]) no caso de «لعين لموْمُو د» (*la pupille* [a pupila])
- * لمصرانة الشَائِيْطَة /l-meSrana f-fayTa/ (**l'intestin superflu* [o intestino superfluo]) en «لمصرانة الزايدة» (*l'appendice* [o apéndice])
- * لعام حق ا /ħeq l-cam/ (**le droit de l'année* [o dereito do ano]) en «الشَهْرُ حَقٌّ» (*la menstruation* [a menstruación])
- * عضامو قَبْطُوْه /qebTuh cDamu/ (**l'ont saisi ses os* [agarraron os seus ósos]) en «عضامو شدوه»
- * الرَجْلُ طَيْحَاتُ /Teyħat r-rjel/ (**elle a fait tomber le pied* [caeuille o pé]) en «طَيْحَاتُ الكَرْشُ»

Igualmente podemos dicir «مَشْخِشْخَة صَحْتِي» [/Seħ-ti m[ex]xa/ *je suis abattu*, lit. *Ma santé est cassée* [a miña saúde está rota], pero non «عَلِيَّيْ» [/Seħ-ti m[ex]xa 'liyya/; lit. *Ma santé est cassée sur moi* [a miña saúde está rota sobre min]) para referirse a un mesmo sintoma clínico que denota fatiga. É este tipo de operacións que o/a profesional realiza mental e mecanicamente no seu esforzo por descifrar o significado que o/a paciente desexaría transmitir. En عضامو قَبْطُوْه (/qebTuh cDamu/. lit. *Ses os l'ont saisis* [Os seus ósos agarráronlle]) o verbo de acción completa قَبْطُ (do verbo francés *saisir*¹²) indica un proceso que describe un feito non só paradoxal senón tamén irreal.

As conmutacións cuxo proceso acabamos de explicar adoptan ás veces a forma dunha procura formal de compromisos de sentido:

- (P): كَرَشِي طايحة عليا وعييت مانشرب في الدوا /kerf-i Tayħa cli-yya 'u cyit manšreb f d-dwa/
Ventre à moi tombait sur moi et je suis fatigué de boire du médicament
J'ai une diarrhée, j'ai pris des médicaments, mais en vain
[O meu ventre caía sobre min e estou canso de tomar medicamentos]
[Estou con diarrea, tomei medicamentos, pero en vano]
- (M): كيفاش ز عما كرشك نازلة /kifaš zecma kerf-k nazla/
Comment cela veut dire ton ventre à toi est pendante
Vous voulez dire que ton ventre est rebondi?
[Como que o teu ventre está colgante]
[Queres dicir que o teu ventre está inchado?]

O/a médico/a substituíu o adxectivo «طايحة»/ Tayħa / (*tombante* [caída])» polo que considera o seu equivalente «نازلة»/ nazla/ (*pendante* [colgante]), contribuindo así á desconxelación do conxunto ligado. Asistimos *ipso facto* a un cambio de *status* da frase, que vai unido a unha alteración do sentido figurado da expresión orixinal: por unha banda, a locución «kerf-k nazla» adhírese aos modelos propios das frases libres, e por outro, adquire agora un uso propio referido a «a graxa sobrante almacenada no ventre». Estamos, pois, ante un uso desviado do seu verdadeiro valor referencial relativo á «evacuación rápida de feces líquidas».

¹² En galego «agarrar».

In fine, as producións que estamos a analizar non admiten ningún cambio, porque os compoñentes dos que depende a súa formación son fixos.¹³

A non-modificación morfosintáctica

A diferenza das secuencias libres, cuxas partes poden sufrir transformacións morfolóxicas (xénero, número, tempo) e sintácticas (como pronominalización, pasivación, extracción, relativización ou negación...), as secuencias monolíticas, como o seu nome indica, distínguense pola súa inflexión gramatical restrinxida ou absolutamente proscriba.

Tomemos o caso da seguinte proposición دارُ الْعَمَلِيَّةِ /dar l-camaliya (*il a subi l'opération* [someteuse á operación]). Esta construción conséguese mediante un verbo transitivo terminado (co suxeito masculino singular posto en espera) e un complemento determinado (substantivo feminino). Esta combinación pode sufrir varias transformacións estruturais, como:

- Relativización: الْأِي دار الْعَمَلِيَّةِ / l-camaliya l-li dar/ (*l'opération qu'il a subie* [a operación á que foi sometido])
- Pasivación: دَارَت الْعَمَلِيَّةِ / d-dart l-camaliya/ (*l'opération a été effectuée* [a operación foi realizada])
- Negación: مَا دَارَشُ الْعَمَلِيَّةِ / ma dar-] l-camaliya/ (*il n'a pas subi l'opération* [non se someteu á operación])
- Pronominalización: دَارُهَا /dar-ha/ (*il l'a subie* [someteuse a ela])

Do mesmo xeito, son posibles as declinacións do substantivo. As ocorrencias دار الْعَمَلِيَّاتِ / dar l-camaliya-t/ (*il a subi les opérations* [someteuse ás operacións]) / دار عمليّة / dar camaliya/ (*il a subi une opération* [someteuse a unha operación]) abundan no noso corpus, ademais non presentan ningún problema de interpretación, xa que o seu significado, a pesar das múltiples manipulacións operadas, permanece intacto.

O mesmo acontece co verbo, pode conxugarse segundo o xénero e o número da persoa, na forma acabada ou inacabada: a terminación do verbo árabe marroquí «دارُ» /dar/ pode verse afectada segundo o cotexto. Este verbo pode aceptar as distintas derivacións dispoñibles no sistema verbal de *la darija*: دارو / dar-ou / (*ils ont subi* [sometéronse]) / دَرْنَا / der-na / (*nous avons subi* [sometémonos]), دَارَت / dar-t / (*elle a subi* [someteuse]), غَنَدِيرُو / gâ-ndir-ou / (*nous subirons* [someterémonos])... e que son todas propiedades que separan a frase libre das locucións fixas.

É máis, a frase دارُ الْعَمَلِيَّةِ / dar l-camaliya/ tolera separadores (دار جوج عمليّات) /dar juj camaliya-t/ *il a subi deux opérations* [someteuse a dúas operacións], دار ديك الْعَمَلِيَّةِ / dar dik l-camaliya/ *il a subi cette opération* [someteuse a esta operación] admite expansións como: دَارَ لِمَرَارَةِ دَارِ / dar camaliya d l-merrara / (*il a été opéré pour une cholécystite* [foi operado por unha colecistite]) / بَلْبُنْجُ دَارُ الْعَمَلِيَّةِ / dar l-camaliya b l-benj / (*il s'est fait opérer sous anesthésie* [someteuse a unha cirurxía con anestesia]).

¹³ Lachkar conclúe acertadamente que «as súas categorías gramaticais están unidas e dependen linearmente unhas das outras. Cada palabra ten un valor e un papel na expresión, sen os cales esta perdería o seu estatus de locución fixa» (2014: 22).

Con todo, /dart l-camaliya l-kbira/ دارت العمليّة الكبيرة (deu a luz por cesárea) / dart l-camaliya S-Sgira / دارت العمليّة الصغيرة (púxose un DIU)¹⁴ son xiros idiomáticos, caracterizados por restricións sintácticas: a temporalidade do verbo así como as súas múltiples inflexións están en función de marcas enunciativas; suxeitas a cambios sen afectar á semántica da frase. Aínda que o suxeito do verbo "دار" / dar / é esencialmente feminino, só pode gozar de liberdade en canto ao número (realízase en singular ou en plural, nunca en masculino, baixo pena de producir unha asociación asemántica).

De todos modos, a estrutura binaria formada polo substantivo العمليّة / l-camaliya / (a operación) e o adxectivo الكبيرة / l-kbira/ (a grande) representa un importante grao de fixación, xa que só podemos facerlle un tipo de modificación. Por suposto, estamos a falar da permutación dos adxectivos الكبيرة // l-kbira / (a grande) e الصغيرة / S-Sgira / (a pequena). A presente intervención non forma parte dunha desconxelación, senón dun novo tipo de formación polilexical que nos gusta chamar «a desconxelación que fixa»¹⁵.

En canto ás estruturas sometidas a exame, podemos observar facilmente que, seguindo o exemplo das locucións verbais¹⁶ o cambio de inflexión dun lexema en secuencias nominais repercute na integridade morfosintáctica e, en consecuencia, na semántica do sintagma fixo.

No caso da combinación الكيف ذئال مسمار* / mesmar dyal l-kif / (lit. *Clou du cannabis* [cacho de cannabis]), por exemplo, está claro que é imposible inserir un novo elemento na secuencia "مسمار الكيف" / mesmar l-kif/ (*le calus* [o calo]) sen producir un enunciado cun significado completamente distinto do primeiro. Ademais, non podemos nin suprimir un dos seus elementos e obter, por exemplo: "الكيف" / l-kif / (cánnabis) que corresponde a un significado que se desvía amplamente do de الكيف en "مسمار الكيف" / mesmar l-kif/ nin aplicarlle a pronominalización: مسمارو*/mesmar-ou/

A mesma lóxica aplícase á expresión «لكتف د الريشة» / r-rifā d l-ktef / (lit. *La plume de l'épau* [a pluma do ombro]) que non pode xerarse mediante as regras morfosintácticas coñecidas, non pode cambiar de determinación e non admite actualización polo demais. Salvo nos casos en que a preposición (د) /d/ (de) tolera a súa variante (ذئال)/dyal/ (de) sen afectar o valor semántico do conxunto.

¹⁴ Dispositivo intrauterino, trátase dun método anticonceptivo.

¹⁵ Cita orixinal: «le défigement figeant».

¹⁶ En oposición aos sintagmas verbais libres que se benefician dunha latitude flexional máis grande, as EF con inicio verbal admiten soamente certas modificacións morfolóxicas (sobre o xénero e número) do pronome persoal (coa excepción de: «تاحتبط شوكلا» / teyh-at l-kerf/; lit. *Elle a fait tomber le ventre* [ela fixo caer a barriga] é dicir, *Elle a subi un curetage* [someteuse a un legrado]; na que a marca do feminino permanece inmutable): podemos dicir جودشدهمماضء / jedd-u-h-um cDam-hum / (*ils ont eu une crise d'épilepsie* [tiveron un ataque de epilepsia]). Ou بن يبنوعاهولكايك / ki yakl-u-ha cin-i-ha/ (*ses yeux lui démangent*). Ou ben cambiar a distribución das unidades lexicais en «ي نولكايك ي نبع» / ki yakl-u-n-i cin-i / (lit. *me démangent mes yeux* [pícanme os ollos]) e dicir ي نبع ي نولكايك / cin-i ki yakl-u-n-i / (lit. *mes yeux me démangent* [os meus ollos pícanme]). Tamén podemos engadirle algúns lexemas como, entre outros, o adverbio "فنازب" / bezzaf / (*beaucoup* [moito]): ي نبع ي نولكايك فنازب / cin-i ki yakl-u-n-i / (*mes yeux me démangent beaucoup* [os meus ollos pícanme moito]) pese a estas posibles combinacións, isto non elimina nada á súa propiedade de fixación.

Grosso modo, só atopamos secuencias nominais nas súas formas convencionais básicas; distínguense de calquera outra combinación libre pola constancia das súas partes constituíntes.

A non-composicionabilidade semántica

A locución fixa definida polo uso e a convención require unha lectura especial, porque a comprensión do significado dos elementos que a forman non basta para deducir o contido semántico do conxunto. A unidade poliléxica «لعين د المومو / l-mummu d l-cin/ (lit. *Le poupon de l'œil* [o boneco do ollo], é dicir, *La pupille* [a pupila]) constrúese sobre a base dun desdoblamento semántico, ten un significado xenérico e un significado literal, a súa comprensión inmediata pode verse dificultada se se toma literalmente. O mesmo ocorre coa construción¹⁷ كرشى طايحة عليا / kerf-i tayha cli-yya/ (lit. *Mon ventre tombe sur moi* [o meu ventre cae sobre min], é dicir, *J'ai une diarrhée* [teño diarrea]) que ten un significado xenérico distinto da suma das unidades de significado que posúen os seus segmentos por separado.

Na secuencia «الخابب المرض» / l-merD l-xayeb / (lit. *La mauvaise maladie*. é dicir, *Le cancer* [o cancro]), un profesional medio pode captar facilmente o significado do substantivo المرض / l-merD / (a enfermidade) e do adxectivo الخابب / l-xayeb / (o malo), pero isto non lle fai estar suficientemente equipado para inferir o significado da expresión no seu conxunto.

A lectura, por exemplo, da locución nominal «الريشة د الكتف» / r-rifja d l-ktef / (lit. *La plume de l'épaule*. é dicir, *L'omoplate* [a omoplata]) está sometida ao proceso trópico da metáfora: o substantivo «الريشة» / r-rifja / (a pluma) non representa literalmente esta «produción tegumentaria que recubre o corpo das aves»¹⁸, senón que se emprega alegoricamente tomando prestada a característica formal deste obxecto concreto (os omóplatos dereito e esquerdo son ósos triangulares simétricos que forman a parte posterior do ombreiro, con forma de ás de paxaro).

En contacto co seu complemento «الكتف» / l-ktef / (o ombreiro) lexicalízase para formar parte dun campo semántico ampliado cara á súa concepción como óso específico. Para a maioría dos/as médicos/as, esta locución segue sendo gramaticalmente correcta, pero semanticamente opaca ou absurda. Ás veces o/a médico/a apóiase noutra identidade figurada inherente ao obxecto real «الريشة» / r-rifja / que é «a fraxilidade» para interpretar o sentido da devandita locución, esta aproximación semántica resulta da localización e particularidade doutro óso para o que a escápula é contigua: trátase da clavícula (óso que une o esterno¹⁹ á escápula), que é máis sensible aos traumatismos que a escápula porque, a diferenza desta, non está rodeada dunha masa muscular protectora. Diso despréndese que existe un desacordo entre a persoa coidada e a coidadora sobre a elección da imaxe que debe atribuírse ao significante «الريشة» / r-rifja /.

¹⁷ Tendo como equivalentes monolexicais: شراوطلا / T-Twa/ / شراوطلا / l-kerf/ / شرانفلا / s-shal/ / لاهنلا / s-shal/ / شراوطلا / T-Twa/ / شرانفلا / l-kerf/ / شرانفلا / s-shal/ / لاهنلا / s-shal/ formados co verbo افيف / fiya / j'ai [teño].

¹⁸ Cita orixinal: «production tégumentaire qui recouvre les corps des oiseaux».

¹⁹ Óso situado na cara anterior do tórax da que parten as costelas.

Con respecto ao conxunto *حق الشهر* / *ħeq ʃ-ʃher* / (lit. *Le droit du mois* [o dereito do mes]), é dicir, *La menstruation* [a menstruación]), inclúe dúas palabras que aseguran a súa combinación, que se comportan como unha unidade léxica autónoma para connotar a menstruación: aquí o significante *حق* / *ħeq* / (dereito) mantén unha relación metafórica de semellanza coa realidade á que se refire: menstruación e dereito comparten o trazo da inmutabilidade, teñen en común a constancia. Este dereito obtense cada mes (*شهر*) / *ʃ-ʃher*/. Seguindo o sentido estrito dos membros desta construción fixa, os/as internos/as levan a cabo unha arriscada operación consistente en forzar o paso dunha lectura estritamente simbólica a unha análise baseada no sentido propio e composicional. O resultado será sen dúbida unha información sorprendente, carente de toda lóxica.

En principio, o significado idiomático deste tipo de construcións adoita expor problemas de interpretación aos/as médicos/as. Conveñamos por un momento en que cada disposición do material léxico nunha locución corresponde a un proceso complexo, cuxo exame require competencias interpretativas específicas. Neste sentido, a emisión de expresións idiomáticas considérase responsable das deficiencias da comunicación tecnolóxica, e sempre se describe como a faísca que compromete aos participantes na interacción (médico/a e paciente) nun diálogo de xordos. Para ilustrar este tipo de problema, utilizaremos un extracto dunha conversa entre o médico e o seu paciente que figura no corpus:

- P): *راه شدوه عضامو داکشي باش جنبناه* /*rah ʃeddu-h cDam-u dak[ʃi baʃ jeb-na-h/*
Il est saisi par ses os c'est pour cela qu'amenons le [Está aprehendido polos seus ósos, por iso o trouxemos]
Il a eu une crise d'épilepsie c'est pour cela que nous l'avons amené [Tivo un ataque de epilepsia, por iso o trouxemos]
- M): *واش كايدي على شي مرض* /*waʃ ka ydaw-i cla ʃi merD/*
Est ce qu'il traite sur une maladie ? [Está tratándose dunha enfermidade?]
Est-ce qu'il souffre déjà d'une maladie quelconque? [Ten xa algunha enfermidade?]
- P): *كانو فيه لرياح هادي شحال حتى ولا لاياس أو عاود عاود جاتو هاد الحالة* /*kanu fih l-ryah hadi ʃhāl hetta wella labas 'u cawed jat-u had l-hāla/*
Ils étaient avoir en lui les vents ça fait longtemps jusqu'il s'est amélioré et encore arrive à lui cet état
[Fai moito que non ten ventosidades e aínda se está recuperando]
Il était suivi pour l'épilepsie, mais il s'en ai guéri, maintenant il a fait une rechute
[Foi tratado de epilepsia, pero mellorou, agora tivo unha recaída]
- M): *عندك الدوا اللي كان كيشرب* /*cend-k d-dwa l-li kan ka yʃreb/*
Avez vous le médicament qui était il buvait [teñen o medicamento que estaba tomando?]
Est-ce que vous avez sur vous le médicament qu'il prenait autrefois? [teñen o medicamento que estaba tomando antes?]

A articulación idiomática «*عضامو شدوه*» /*ʃeddu-h cDam-u/* (lit. *Ses os l'ont saisi* [Os seus ósos agarráronlle]) é dicir, *Il a eu une crise d'épilepsie* [ten un ataque de epilepsia]) ten un significado independente do sentido dos seus constituíntes e o médico non o memoriza

(co contido correspondente), polo que non pode descifralo facilmente. Observamos que, ante o asombro do paciente, o seu acompañante tentou matizar as súas palabras utilizando sinónimos. Con todo, esta práctica resultou infrutuosa porque a expresión, coa súa construción soldada e o seu significado non transparente, deu paso a unha combinación fixa que non pode lerse a través das súas partes.

Esta visión de conxunto, aínda que concisa, de seguro nos permite poñer de relevo o inconveniente da transición fluída do sintagma libre ao sintagma fixo. Nin que dicir ten que todo depende da selección semántica, da distribución das unidades léxicas e da natureza da súa disposición na locución fixa. Un morfema que, para o médico, é un simple significante que desempeña unha función redundante, ou que aparece, segundo se desexe, en distintas áreas do discurso, pode ter unha posición particular, decisiva para o establecemento de marcadores claros de comprensión cruzada.

O caso concrétese co morfema do feminino do pronome persoal na secuencia «شَهْرَهَا» / *sher-ha fada* / (*elle est à terme* [está no termo]) ou de novo na combinación «عَلَيْهَا» / *cli-ha d-dem* / (*elle est réglée* [ten a menstruación]) que require unha atención particular. Sen dúbida, a conciencia da súa esencia monolítica é fundamental para asimilar o significado do conxunto.

4.2. Ensaio de clasificación de xiros idiomáticos dos pacientes

As clasificacións das fórmulas estereotipadas varían en función dos distintos estudos que se lles dedican. Esta diversidade débese, en primeiro lugar, á complexidade do fenómeno da fixación e, en segundo lugar, á heteroxeneidade das orientacións metodolóxicas dos lingüistas francófonos (Gross, 1996; Mel'čuk, 1993, 1998), anglófonos (Howarth, 1996, 1998; Gläser, 1988) e croatas (Jernej 1992, 1996; Sesar 1998).²⁰

En canto á clasificación das unidades fraseolóxicas en árabe marroquí, para a que, en verdade, investíronse poucos esforzos, seguimos transpoñendo os modelos desenvolvidos por Gross (1982) ou Mejri (1999) nos que as EF se clasifican segundo o seu grao de fixación, a súa estrutura sintáctica ou prosódica etc. A continuación, presentaremos tres parámetros que modelarán unha clasificación que difire dos prototipos actuais, pero que, sobre todo, está en fase co noso obxecto de estudo. Con todo, esta reorganización en clases non conleva unha separación estrita entre elas. Poden producirse fusións. Tras unha coidadosa reflexión, decidimos clasificar os tecnolectos idiomáticos do corpus en tres tipos:

Tecnolectos estereotipados de vicio

Tecnolectos estereotipados empréstados ou creados a través dun calco

Tecnolectos estereotipados neolóxicos

²⁰ Sobre este tema ver a obra PECMAN Mocja (2004), «L'enjeu de la classification en phraseologie» en *Internationalen Tagung zur Phraseologie EUROPHRAS 2004*, agosto, Basel: Suíza. pp.29-48. (hal-01232661).

Os tecnolectos estereotipados de vicio

Denomínanse así polas lagoas e insuficiencias de coñecemento en que se basea a súa formalización. Este tipo de tecnolecto revela crenzas irracionais e coñecementos médicos profanos. A súa supervivencia explícase polo seu poder expresivo. O problema da tradución adquire un valor exponencial con estes tecnolectos. Conteñen significados difíciles de predicir para os médicos. Algúns pacientes utilízanos por necesidade de comunicación, outros evítanos polas connotacións que conlevan, pero a maioría utilízanos como material expresivo moi apropiado. Para ilustrar as nosas afirmacións, basearémonos nalgúns fragmentos de conversas entre médicos/as e pacientes ou os seus/súas acompañantes:

- (P): راها شربات السقّية /raha ʃerb-āt s-seqya/
Elle a avalé le liquide amniotique [tragou o líquido amniótico]
— M): إينا سقّية /'ina seqya/
De quoi vous parlez? [de que falas?]

A enunciación da construción tecnolectal «شربات السقّية» / ʃerb-āt s-seqya/ (lit. *elle a avalé le liquide amniotique* [tragou o líquido amniótico]) correlaciónase co feito seguinte: no momento do parto, a comadroa pode nalgúns casos axudar á parturiente a expulsar ao/á nado/a exercendo unha lixeira presión na parte superior do útero, esta presión vai acompañada dun estreitamento do estómago que diversifica o seu contido a través do esófago para manifestarse en forma de vómitos. Outro acontecemento case simultáneo prodúcese en forma de fluxo de líquido amniótico²¹ (السقّية) / s-seqya/ a través da vaxina, que anuncia as últimas etapas fisiolóxicas da saída do recentemente nado. A partir de entón, ao achegar estas dúas circunstancias, as parturientes cren que a orixe dos vómitos procede da ruptura da bolsa de auga²² que contén este líquido.

A construción «شربات السقّية» / ʃerb-āt s-seqya/ está cargada entón de experiencias alimentadas por supersticións populares e convértese ás veces nunha xerga para un grupo de pacientes que exclúe a todo un equipo de enfermería para o cal o significado desta produción verbal segue sendo vago. Para a maioría dos/as médicos/as, a expresión segue sendo trivial (nos dous sentidos da palabra). Con todo, revisando os diferentes contextos nos que apareceu esta proposición, podemos observar que, aínda que está tinguida dunha resonancia depreciativa (que connota un suposto baixo nivel cultural), o seu contido «pexorativo» queda superado pola súa utilidade práctica: dado que describe da mellor maneira posible as circunstancias e a orixe dos vómitos, varias categorías de parturientes utilízana para expoñer con claridade o feito ao que se refire. Dicotir «شربات السقّية» / ʃerb-āt s-seqya / é desestimar os múltiples episodios que identifican o parto e nos que os vómitos nesas situacións poden deberse, entre outras cousas, a unha posición incómoda na mesa de partos, ou á intolerancia a un fármaco... «شربات السقّية» / ʃerb-āt s-seqya / formaliza un momento concreto que puntúa o parto.

²¹ Líquido biolóxico no que se baña o feto.

²² «La poche des eaux est un espace situé entre le fœtus et la membrane qui tapisse la cavité amniotique. Cet espace est rempli de liquide (liquide amniotique) dans lequel baigne le fœtus » definición extraída da web www.docteurlic.com/encyclopedie/poche-des-eaux.aspx, consultada o 05/09/22.

No extracto anterior, ao afirmar «شَرَبَات السَّقِيَّة» / *ferb-āt s-seqya* / a traballadora de apoio esperaba un proceso interactivo, dinámico e en acordo, pero o médico, carente dunha base sólida na fraseoloxía tecnolectoral, inflixiu un aborto á súa empresa.

O mesmo ocorre co léxico complexo «قِرْعِ اسنَلَا» / *cerq n-nsa* / (ciática) formado pola acción do accidente lingüístico: «اسنَلَا» / *n-nsa* / que significa «as mulleres» en árabe marroquí era orixinalmente un complemento substantivo pertencente ao árabe estándar, pero co movemento da *shadda* sobre a consoante «ن» («اسنَلَا»). ». Mediante alteracións fonolóxicas, a *shadda* deu paso ao *soukoun*, dando lugar a un novo significante cun significado distinto do árabe estándar. En canto ao substantivo «قِرْع» / *cerq/* (a vea) tamén tomado do árabe estándar, onde atopamos o substantivo «قِرْع» / *cerq/*, sufriu un cambio de expresión, mentres que o contido segue sendo o mesmo. Chamábase así na antigüidade para referirse a un fio de fibras que une a columna vertebral cos membros inferiores, con todo, como os/as anatomistas non lograron identificar a especificidade deste fio en relación cos famosos vasos que drenan o sangue dos órganos ao corazón (as veas), este fio conservou o nome do hiperónimo: a vea ou «قِرْع» / *cerq/*. Para a maioría dos e das pacientes, esta locución, cuxo equivalente está testemuñado no noso corpus, «جول زوب» / *bu zellum/*, refírese a unha patoloxía que só afecta as mulleres (اسنَلَا/*n-nsa/*). Cómpre indicar que esta fórmula falta no repertorio tecnolectoral do 80% dos/as médicos/as.

Tecnolectos estereotipados emprastados ou creados a través dun calco

A pesar da especificidade do material lingüístico propio das linguas, das súas peculiaridades combinatorias e dos seus modos de significación disímiles, folga dicir que os seres humanos, sexa cal for a súa filiación cultural, teñen moitas experiencias en común (experimentan malestar, padecen certas enfermidades, teñen afección a describir os seus síntomas e interésanse por proporcionalos detalladamente...). Isto explica a profusión, no noso corpus, de enunciados que testemuñan a convivencia cultural: varias fraseoloxías en árabe marroquí, utilizadas polos/as pacientes, atopan os seus equivalentes en francés.²³

Esta equivalencia pode inferirse literalmente ou deducirse do significante indescompoñible da unidade complexa. A título ilustrativo, citamos a secuencia «ne pas bouger le petit doigt» (*Ne.Pas.Bouger.Déter. Comp*) que corresponde á construción utilizada a miúdo polos/as pacientes «ماكبحر كئش صبغو الصغير» / *ma ka eħarrek-] Sebcu S-Sğir* / (*Ne.Bouger. Inacc.Pas.Compl.Déter*). Comparando estas dúas expresións, podemos ver que os lexemas dos que están compostas son practicamente os mesmos, é dicir, pertencen ás mesmas categorías gramaticais (adverbio, verbo, adxectivo e substantivo), aínda que a orde dos morfemas non se conserve completamente ao pasar dunha lingua á outra, observamos que son semanticamente idénticas.

²³ A orixe das EF é un tema delicado. Por mor da convivencia de dúas comunidades lingüísticas durante a colonización, non podemos saber se foron os colonos quen, coa intención de comunicarse co pobo marroquí, se apropiaron dos seus idiomatismos e despois os traduciron ao francés ou se pola contra, foron as persoas autóctonas quen subtraeron do código lingüístico das persoas ocupantes para poder adaptarse ás novas circunstancias tipicamente coloniais.

Con todo, ao examinar máis detidamente as dúas fórmulas atopamos algunhas discrepancias morfosintácticas: o verbo (*bouger* [mover]) da locución francesa *ne pas bouger le petit doigt* [non mover un dedo] pode alternar con outros elementos do mesmo paradigma (como «lever» [levantar] e «remuer» [remover]), pode admitir afirmación por exemplo na locución verbal *lever le petit doigt* [levantar un dedo], ademais esta expresión pode incluír locucións adverbiais como *même pas* [nin sequera] en: *il ne lève même pas le petit doigt* [nin sequera moverá un dedo]. Pola contra, «ماكيحْرَكشْ صَبْعُو الصَّغِيرِ» /ma ka eharrek-] Sebcu S-Sgír/ (non move o maimiño) non pode prescindir da negación para manter o seu significado fraseolóxico, non permite a transformación da modalidade negativa en modalidade asertiva. Ademais, esta secuencia prohibe calquera adición, sexa cal for a natureza da unidade engadida. Así, mentres que a locución francesa *ne pas bouger le petit doigt* permite a flexión morfosintáctica, a locución marroquí *ne pas bouger le petit doigt* non, a locución árabe marroquí «ماكيحْرَكشْ صَبْعُو الصَّغِيرِ» /ma ka eharrek-] Sebcu S-Sgír/ (non move o maimiño) caracterízase polo bloqueo sintáctico.

Tamén se inclúe no corpus a locución «كَيْتَقِيَّا مُصَارُنُو» /ka yttqeyya mSarn-ou/ [*Vomir. Inacc. Compl*], cuxa continuación paralela en francés é *vomir tripes et boyaux* [vomitar tripas][*Vomir. Compl. Conj de coord. Compl*], pero mentres que esta última admite unha variante (*rendre tripes et intestins* [devolver tripas e intestinos]), a primeira conserva os mesmos elementos léxicos. Estas dúas expresións caracterízanse por unha forte carga semántica; forman unha rede de asociacións semánticas que vai máis aló da reflectida na dimensión locutiva: ao dicir «كَيْتَقِيَّا مُصَارُنُو» /ka yttqeyya mSarn-ou/ (vomita as tripas), o/a falante está a realizar un acto de fala dirixido ao/á médico/a, Está a tratar de convencela de que a persoa da que fala está a vomitar violentamente e xa non ten nada que devolver, polo que se ve obrigada a rexeitar os seus propios órganos pola boca. En resumo, quere que a persoa coa que fala entenda que se viu afectada por unha traxedia (aínda que fantástica) que require unha intervención urxente:

— (a nai): الدري كيتقيا مصارنو أو كاتقولي تسناي /d-derri ka ytqeyy-a mSarn-u 'u ka tqull-i ttsennay/

L'enfant vomit intestins de lui et tu me dis attends [O neno vomita os intestinos e dime que espere]

Mon fils rend tripes et boyaux, donc cela ne doit souffrir aucune attente [Meu fillo está a vomitar todo, polo tanto, non debe haber ningunha espera]

— (M): شنو كيتقيا /ʃnu ka ytqeyy-a/

Quoi il vomit? [Que estaba a vomitar?]

Il vomissait quoi?!! [Estaba vomitando que?!]

Os tecnolectos estereotipados tecnolóxicos

As tecnolecturas neoloxicamente estereotipadas son creacións fraseolóxicas descritas polos/as especialistas como «estrañas». Representan un afastamento dos hábitos asociativos compartidos pola maioría dos/as pacientes enquisados/as. Esta categoría de construción é un hápax, pero non por iso deixa de ser significativa para comprender os usos que dificultan a intercomprensión.

A efectos dunha designación á vez clara e subxectiva, os modelos sintácticos xenerativos que dan conta deste tipo de locución proceden dunha motivación individual e, polo tanto, están desligados da polilexicalización recoñecida. Podemos expor a hipótese de que acaban inscribíndose na memoria dos/as usuarios/as, ou que rexeitan os seus xogos fundacionais. Os arranxos clasificados como tecnolectos neoloxicamente estereotipados distínguense polo seu modo de construción baseado nunha reelaboración das ferramentas lingüísticas internas, con exclusión de «a matriz externa de préstamo»²⁴ (Sablayrolles, 2011: 42).

Para iso, en «كُضْرُنِي دَعِينِي الْبَطَاطَا» / l-bTaTa d cin-i ka DDer-nin/ (lit. *La pomme de terre de mon œil me fait mal* [A pataca do meu ollo dóeme]) prodúcese un «conflito aspectual que xorde da reunión de lexías a priori incompatibles»²⁵ (Op. Cit, p. 40); desde este punto de vista, esta combinación é calificada de extravagante por todos/as os/as médicos/as entrevistados/as. Esta inesperada innovación combinatoria depende das unidades utilizadas. Con todo, hai que dicir que remiten a ámbitos de experiencia dispares: a palabra «الْبَطَاطَا» /l-bTaTa/, que tería unha existencia convencional no campo léxico da alimentación, non ten a priori cabida no tecnolecto médico. Con todo, para o/a paciente, isto non impide que experimente unha ampliación de significado ao tomar prestada estilisticamente a súa calidade branda (por suposto, tras a cocción) do ollo.

Un exame atento dos materiais constitutivos do tecnolecto nesta categoría levounos a postular, por unha banda, un estreito vínculo entre a terminoloxía culinaria e os xiros locutivos que formalizan signos clínicos ou lugares anatómicos. Por outra banda, postulamos que a metáfora é unha poderosa forza motriz do desenvolvemento neoloxico da tecnolectónica fixa.

Tras percorrer os diversos contextos de enunciación que rodean a produción dos tecnolectos pertencentes a esta clase, constatamos que a conxunción destas dúas operacións (inserción dos nomes de obxectos pertencentes ao mundo da cociña e uso da metáfora, asegurando o vínculo entre as dúas esferas do saber, culinaria e médica) confire un valor «humorístico»²⁶ ás secuencias soldadas. Por outra banda, esta impresión vese confirmada, entre outras cousas, pola expresión «ضَهْرِي دِيَالِ الْكُصْعَةِ» / l-geSca dyal Dehr-i /cuxa lectura en sentido literal proporciona o equivalente francés: «le récipient de mon dos». A presente locución axústase ao esquema bosquexado anteriormente. En efecto, a conexión entre as dúas lexías: «الْكَصْعَةُ» / l-geSca / (o recipiente) e «الضَهْرُ» / D-Dher / (as costas) está garantida pola figura subxacente da «concavidade», máis ou menos enfatizada (segundo as formas dos corpos) e que marca a rexión lumbar. Esta asociación, pola súa orixinalidade, provocou a risa do médico, xa que, aínda que esconde un xenio creador, para el supón un xeroglífico cómico.

²⁴ Cita orixinal: «de la matrice externe qu'est l'emprunt».

²⁵ Cita orixinal: «conflit aspectuel qui naît du rapprochement de lexies a priori incompatibles».

²⁶ Segundo os/as profesionais médicos/as enquisados/as.

5. Conclusión

